

**O xénero e o número dos substantivos**

Os substantivos teñen **xénero**: poden ser masculinos ou femininos.

- Os **masculinos** poden levar diante palabras como *o* ou *un*.
- Os **femininos** poden levar diante palabras como *a* ou *unha*.

O feminino dun substantivo adoita formarse engadíndolle un **-a** á forma do masculino ou cambiando o **-o** ou o **-e** do masculino por un **-a**.

Os substantivos tamén teñen **número**.

- Se fan referencia a un só ser ou obxecto, estará en **singular**.
- Se fai referencia a varios, en **plural**.

Para formar o plural, os substantivos adoitan engadir **-s** ou **-es** á forma do singular.

Alguns substantivos teñen a mesma forma para o singular e o para o plural.

➤ Cambio o xénero dos seguintes substantivos.

monxe _____

actor _____

boneco _____

xenro _____

vaca _____

cabalo _____

mestre _____

emperador _____

➤ Escribe o plural dos seguintes substantivos.

iogur _____

paquete _____

animal _____

botella _____

cámara _____

bolboreta _____

mestra _____

lóstrego _____